



BASES CONCURSO CURTAMETRAXES 2023

- 1) Poderán participar autores e autoras de calquera nacionalidade maiores de 18 anos. Establécense dúas categorías, unha para obras de autoría exclusivamente galega e outra para obras de autoría de calquera outra nacionalidade.
- 2) As curtametraxes presentadas poderán ser de calquera xénero pero **a temática debe ser musical**.
- 3) As obras presentadas terían sido realizadas con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2019.
- 4) Cada autor/a poderá presentar unha única obra.
- 5) As curtametraxes serán presentadas en galego ou castelán. Tamén poderán presentarse en calquera outro idioma pero terán que ir acompañadas de subtítulos en castelán ou galego.
- 7) A duración das obras será dun mínimo de 3 minutos de 30 como máximo, incluídos os créditos.
- 8) As curtametraxes poderán estar rodadas en calquera formato pero presentarase a copia en DVD, lapis de memoria ou a través das plataformas dixitais.
- 9) As obras presentadas por correo ordinario ou correo electrónico deberán acompañarse da ficha de inscrición debidamente cumprimentada (<https://cinemusicaroca.wixsite.com/cinederoca/investment>), ademais de:
 - fotocopia DNI ou pasaporte
 - breve sinopse, ficha técnica e artística, dúas fotos da curtametraxe e cartel (se o houbera)
- 10) As obras presentadas serán entregadas por correo certificado á dirección postal:

Asociación Xermolos

Rúa do Concello 9 baixo

CP 27300 Guitiriz

Lugo (Galicia)

ou ben por correo electrónico:

cinemusicaroca@gmail.com

ou mediante links ás plataformas

www.clickforfestivals.com

www.festhome.com

O prazo de presentación remata o día 26 de xuño de 2023 ás 23.59h.

11) A obra enviada será obxecto dunha preselección polo comité do festival para decidir se finalmente é elixida para competir polo premio do público. O material non será devolto; non obstante, poderase recoller a obra persoalmente nun prazo de 90 días despois da finalización do festival se non resulta gañadora.

12) As obras seleccionadas en anteriores edicións non poderán participar nas seguintes edicións.

13) A dirección do festival resérvase o dereito de obter copias das curtametraxes seleccionadas con destino á promoción, publicidade e proxección sen ánimo de lucro.

14) Os/As participantes faranse responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como das reclamacións por dereitos de imaxe.

15) Unha copia da obra premiada quedará como propiedade da videoteca creada polo festival podendo ser utilizada ou exhibida en edicións posteriores e nos medios oportunos, todo isto sen ánimo de lucro ou explotación comercial.

16) As obras seleccionadas optarán ao Premio do Público do X Festival de Cine de Música en Roca, que terá lugar os días 6 a 9 de xullo de 2023, e que consistirá nun premio en metálico de 100 euros e un trofeo exclusivo do festival realizado por un artista local para a obra gañadora de cada unha das categorías.

17) O autor ou autora premiada deberá recoller persoalmente o premio ou delegar nun membro do equipo. De non asistir enviarase o trofeo e a contía mediante correo ordinario e transferencia bancaria.

18) A participación no Festival de Cine de Música en Roca supón a aceptación das bases e a resolución por parte da organización de calquera circunstancia non recollida nestas.

19) As obras seleccionadas daranse a coñecer nas redes sociais do festival e na páxina web con anterioridade á realización do festival.

20) As bases e a ficha de inscrición poderán consultarse e descargarse en:

Facebook: Cine de Música en Roca

Webs:

<http://cinemusicaroca.wix.com/cinederocha>

www.clickforfestivals.com

<https://festhome.com/>

Correo electrónico: cinemusicaroca@gmail.com

Organiza Asociación Cultural Xermolos



**Festival de
Cine de Roca**
cine de música